

non universitario de Galicia, a Gerardo Moreno Díaz (Federación de Traballadores do Ensino Fete-UGT).

Artigo 3º

O mandato dos novos membros será polo tempo que resta para completar o período da representatividade que posúen.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 23 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asigna á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de servizos sociais.

En virtude dese título competencial aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais para Galicia (DOG nº 76, do 23 de abril), que recolle no seu artigo 49 a posibilidade de que a Administración autonómica estableza subvencións a entidades prestadoras de servizos sociais.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro (DOG nº 195, do 10 de outubro), é o órgano ao que lle corresponde o exercicio como propias das competencias e funcións en materia de políticas autonómicas de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, solidariedade, voluntariado, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos menores.

Entre as competencias da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar figura a de realizar a planificación xeral dos servizos sociais e a coordinación dos servizos sociais de titularidade pública con aqueles que prestan as entidades de iniciativa social sostidos con fondos públicos, coa finalidade de atender de forma

ordenada e global as necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, garantir a calidade na prestación dos servizos, evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura da participación da sociedade e dos propios afectados como elemento esencial na provisión de servizos sociais.

Na procura deses obxectivos, considérase axeitado o establecemento de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social para a prestacións de servizos sociais, sempre que se axusten á tipoloxía e requisitos legalmente establecidos e se adecúen á planificación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Resulta ademais necesario asegurar a adaptación dos centros que optan a prestar servizos sociais aos requisitos xerais expresados no Decreto 143/2007, do 12 de xullo (DOG nº 147, do 31 de xullo), polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, e aos requisitos específicos de cada unha das tipoloxías, polo que para as subvencións de investimento e equipamento, os proxectos que se presenten deberán acreditar a súa viabilidade con carácter previo á concesión da axuda.

Por outra parte, refúndense nunha soa orde subvencións de diversos tipos e programas de acción social e recóllese expresamente a posibilidade de incrementar os créditos previstos como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Por último, sinálase que a solicitude, tramitación e concesión destas subvencións se axustará ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, do 17 de novembro (BOE nº 276, do 18 de novembro) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve; así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño); e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas que conceda a Administración autonómica (DOG nº 238, do 11 de decembro) en tanto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, atendendo, en todo caso, aos principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia (DOG nº 23, do 21 de marzo), e polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG nº 149, do 4 de agosto) e polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, para a debida aplicación dos créditos orzamentarios conforme o fin para a que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social que, de conformidade coa Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, e os regulamentos que a desenvolven,

levan a cabo programas e prestan servizos sociais nos seguintes niveis de atención e áreas de actuación:

a) Servizos sociais de atención primaria. Que comprenden os programas de orientación, asesoramento e información; de axuda no fogar; de inserción social; de animación, prevención e fomento da cooperación social; de convivencia alternativa ou calquera outro que dea cumprimento ao obxecto deste nivel de atención, segundo se recolle no Decreto 240/1995, do 28 de xullo (DOG nº 157, do 17 de agosto), que consiste prioritariamente nunha acción social globalizadora e polivalente dirixida ao conxunto da poboación dun ámbito xeográfico determinado. Para estes efectos, consideráranse centros propios deste nivel de atención os centros sociais, centros de día, centros ocupacionais, centros de acollida, albergues e outros nos que se desenvolvan os programas antes citados de atención primaria.

b) Servizos sociais especializados na área de atención as persoas con discapacidade, co obxecto de que estas acaden a súa máxima autonomía e independencia, impulsando a súa participación social e asociativa e facendo efectiva a igualdade de oportunidades a través de accións de apoio de carácter específico, destinadas a previr ou compensar as desvantaxes ou especiais dificultades que teñen as persoas con discapacidade, atendendo os diferentes tipos e graos de discapacidade.

c) Servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores, orientados á consecución do seu benestar, autonomía e integración social.

d) Servizos sociais especializados na área de atención aos menores de protección.

Artigo 2º.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta orde as entidades de iniciativa social referidas no artigo 32.2º c) da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, que desenvolvan programas e presten os servizos establecidos no artigo anterior, sempre que se atopen debidamente inscritas con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 291/1995, do 3 de novembro (DOG nº 218, do 14 de novembro), e pola Orde do 5 de febreiro de 1996 (DOG nº 35, do 19 de febreiro), que desenvolve o anterior, e cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Será requisito previo ao outorgamento das subvencións de investimento para a construción ou modificación substancial de centros de servizos sociais, sempre que se trate de centros que deban obter autorización administrativa para a súa posta en funcionamento, de conformidade co establecido no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, a obtención dun informe favorable sobre a súa viabilidade, emitido pola Subdirección Xeral de Proxectos e Obras.

En todo caso, a comisión de valoración verificará que a entidade solicitante ten concedida a autoriza-

ción con anterioridade á notificación da resolución da subvención que corresponda.

3. Será requisito previo ao outorgamento das subvencións a entidades para o mantemento de centros nos que se presten servizos sociais a obtención da autorización para o inicio de actividades, prevista no Decreto 143/2007, do 12 de maio (DOG nº 147, do 31 de xullo), polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

Para solicitar a subvención abondará coa presentación, antes do remate do prazo de presentación das instancias desta orde, da copia da solicitude do permiso de inicio de actividades na que conste o rexistro de entrada e coa que se acredite que se ten iniciado o procedemento. A solicitude do permiso de inicio de actividades presentarase en modelo normalizado e irá acompañada da documentación prevista no artigo 20 do devandito decreto e irá dirixida á unidade administrativa competente para tramitala.

En todo caso, a comisión de valoración verificará que a entidade solicitante ten concedido o mencionado permiso con anterioridade á notificación da resolución da subvención que corresponda.

4. No suposto de entidades que no exercicio anterior recibisen subvención para mantemento de centros ou promoción de actividades ou asinasen convenios de colaboración coa Xunta de Galicia que tivesen un obxecto semellante ao recollido nesta orde, será requisito previo para a concesión da subvención a presentación do balance de ingresos e gastos comprensivo de todo o ano natural, ao que se refire o artigo 17º (anexo VII) e, no caso das subvencións para promoción de actividades, da correspondente memoria. Ademais, as entidades que percibisen no anterior exercicio unha subvención para mantemento de centros de servizos sociais condicionada ao outorgamento do permiso de inicio de actividade, deberán acreditar que o obtiveron ou que se manteñen as condicións que determinaron ese outorgamento pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

5. As entidades que accedan a esta convocatoria deberán dedicarse con carácter preferente, en concordancia cos seus estatutos, á realización de actuacións recollidas no artigo 1º.

6. As subvencións para mantemento de centros e promoción de actividades de servizos sociais especializados reguladas nesta orde non son compatibles coa reserva de prazas efectuada mediante calquera das modalidades de contratación administrativa entre a entidade solicitante e a Xunta de Galicia nin co mantemento de centros efectuado a través de convenios de colaboración especificamente asinados para tal efecto.

Artigo 3º.-Tipos de subvencións.

Os tipos de subvencións que se poderán solicitar son os seguintes:

A. De investimento en centros de servizos sociais de atención primaria.

Son gastos elixibles para este tipo:

-A adquisición de inmobles.

-A construción, ampliación, reforma e mellora da accesibilidade de inmobles.

-O equipamento e a moblaxe.

B. De mantemento en centros, equipamentos e servizos sociais de atención primaria.

Inclúense neste tipo aqueles centros, equipamentos e servizos que complementen os ámbitos de intervención social da rede pública concertada de servizos sociais neste nivel de atención. Os contidos dos centros e servizos elixibles para seren subvencionados con cargo a esta orde axustaranse ao tipificado nos artigos 2, 3, e 8 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regula este nivel de atención do sistema de servizos sociais.

C. De promoción de actividades e programas básicos, innovadores e complementarios de atención primaria.

Inclúense neste tipo o desenvolvemento de actividades e programas que complementen, amplíen ou innoven os programas básicos de actuación dos servizos sociais de atención primaria referidos no artigo 9 do Decreto 240/1995, incluída a organización de xornadas, seminarios e outros eventos relacionados coa formación, debate e sensibilización.

O número de programas de actividades para os que se poderá solicitar subvención será como máximo de tres, e indicarse a orde de prioridade entre eles.

D. De investimento en centros e servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade:

Son gastos elixibles para este tipo de subvención:

-A adquisición de inmobles.

-A construción, ampliación, reforma e mellora dos inmobles en xeral.

-A adaptación dos edificios ás condicións de accesibilidade establecidas na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 166, do 29 de agosto) e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, que a desenvolve (DOG nº 41, do 29 de febreiro).

-A adquisición e instalación de equipamento e moblaxe, así como a adquisición de vehículos de transporte.

E. De mantemento de centros e servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade.

Inclúense, neste tipo, as que teñen por obxecto a colaboración para o desenvolvemento da actividade ordinaria de entidades e centros a través do financiamento de gastos de persoal e de gastos xerais de funcionamento do centro.

F. De promoción de actividades básicas, innovadoras e complementarias no ámbito dos servizos sociais especializados na área de atención ás per-

soas con discapacidade, incluída a organización de xornadas, seminarios e outros eventos relacionados coa formación, debate e sensibilización.

O número de programas de actividades para os que se poderá solicitar subvención será como máximo de dous, e indicarse a orde de prioridade entre eles.

G. De investimento en centros de servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores:

Son gastos elixibles para este tipo:

-Reforma e mellora dos inmobles en xeral.

-Adaptación ás condicións de accesibilidade establecidas na Lei 8/1997.

-Equipamentos e moblaxe.

H. De mantemento de centros en centros, equipamentos e servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores.

Inclúense, neste tipo, as que teñen por obxecto a colaboración para o desenvolvemento da actividade ordinaria de entidades e centros a través do financiamento de gastos de persoal e de gastos xerais de funcionamento do centro.

I. De promoción de actividades básicas, innovadoras e complementarias no ámbito dos servizos sociais especializados de atención ás persoas maiores, incluída a organización de xornadas, seminarios e outros eventos relacionados coa formación, debate e sensibilización.

Inclúense neste tipo o desenvolvemento de actividades e programas que teñan por finalidade previr a aparición ou o agravamento de enfermidades ou dependencias e das súas secuelas, mediante o desenvolvemento de actuacións de promoción de condicións de vida saudables, programas específicos de carácter preventivo e de rehabilitación dirixidos ás persoas maiores, programas baseados no envellecemento activo e programas de dinamización, atención e promoción social das persoas maiores.

O número de programas de actividades para os que se poderá solicitar subvención será como máximo de tres, e indicarse a orde de prioridade entre eles.

J. De investimento en centros e servizos especializados na área de atención aos menores de protección.

Son gastos elixibles para este tipo de subvención os seguintes:

-A adquisición de inmobles.

-A construción, ampliación, reforma e mellora da accesibilidade de inmobles.

-O equipamento e a moblaxe e as melloras de confortabilidade non susceptibles de autorización municipal.

-O equipamento tecnolóxico (ordenadores, modems, impresoras, etc.) e comunicacións (acceso á rede, software, etc.).

-A implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade en servizos de atención aos menores de protección.

O importe mínimo do proxecto para o que se solicita a subvención, será de 18.000 €, de xeito que non se valorarán as solicitudes cuxo importe global polo proxecto presentado sexa inferior ao sinalado.

Artigo 4.º-*Normas de carácter xeral para todo tipo de subvención.*

a) Tanto nas subvencións de investimento na modalidade de implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade en servizos de atención aos menores, incluída na área de atención a menores, como nas de mantemento de centros e promoción de actividades, a subvención poderá significar o financiamento total ou parcial do gasto, sen que, en ningún caso, implique duplicidade de financiamento.

b) No caso das subvencións de investimento, o importe da subvención que se conceda poderá alcanzar como máximo o 75% do orzamento presentado.

c) En calquera caso, a suma dos fondos obtidos de calquera administración pública e das subvencións concedidas por todo tipo de organismos privados, percibidas coa mesma finalidade, non poderá superar o importe total do gasto efectuado. Así mesmo, a subvención reducirase proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade do gasto para o que foi concedida.

d) Os servizos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderán efectuar as comprobacións que consideren oportunas en canto ao cumprimento por parte das entidades de iniciativa social participantes dos requisitos exixidos pola Lei de servizos sociais de Galicia e pola súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, poderán solicitar informes dos servizos da rede pública concertada de servizos sociais en canto os aspectos de complementariedade, oportunidade e eficacia dos servizos e programas das entidades solicitantes recollidos nesta orde.

e) As entidades sen ánimo de lucro con personalidade xurídica independente que desenvolvan actuacións nun mesmo ámbito territorial, provincial ou supraprovincial, estarán facultadas para solicitar subvencións dirixidas á realización conxunta de actividades con idéntica finalidade, o que se fará constar na correspondente solicitude. As instancias cursaranse individualmente e cada entidade solicitará unha parte proporcional da axuda, de xeito que a suma resultante das subvencións solicitadas por todas elas non poderá superar o custo total da actividade. En todo caso, a presentación dunha solicitude conxunta impedirá a presentación de solicitudes individuais para outra finalidade.

Artigo 5.º-*Financiamento.*

1. Para a concesión das subvencións, e sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de maiores disponibilidades orzamentarias, que se tramitarán como modificacións da mesma de

acordo co previsto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, existe crédito adecuado e suficiente con cargo á Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, por un importe máximo de 6.653.444 euros, nas aplicacións seguintes:

a) Gastos correntes:

05.41.312A.481.3 polo importe de 2.450.000 euros.

05.41.312F.481.0 polo importe de 32.802 euros.

05.41.312F.481.2 polo importe de 60.282 euros.

05.41.312F.481.5 polo importe de 26.326 euros.

05.41.312E.481.4 polo importe de 1.170.176 euros.

05.41.312A.481.1 polo importe de 900.000 euros.

b) Gastos de investimento:

05.41.312F.781.1 polo importe de 390.000 euros.

05.41.312E.781.0 polo importe de 728.189 euros.

05.41.312A.781.0 polo importe de 245.669 euros.

05.41.312B.781.0 polo importe de 650.000 euros.

2. De ser o caso, poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, consonte ao establecido no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, con cargo ás aplicacións e contías seguintes:

Ano 2010: 2010.05.41.312E.781.0 polo importe de 884.232 euros.

Ano 2011: 2011.05.41.312E.781.0 polo importe de 1.921.913 euros.

3. No caso de que calquera beneficiario das subvencións, de carácter plurianual, para adquisición, construción, reforma, rehabilitación e equipamento de centros de atención a persoas con discapacidade, concedidas ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2007, así como da Orde do 8 de febreiro de 2008, renuncie á subvención que lle foi concedida, os créditos non aplicados e destinados a estas incorporaranse na presente orde na aplicación orzamentaria 05.41.312E.781.0.

4. En calquera caso, a concesión das subvencións reguladas nesta orde limitarase ás disponibilidades orzamentarias.

Artigo 6.º-*Solicitudes e documentación requirida.*

As solicitudes presentaranse nos modelos publicados como anexos desta orde. Ademais dos modelos comúns a todo tipo de subvención, xunto á solicitude deberanse achegar os documentos específicos para cada tipo de subvención, consonte co seguinte:

A. Documentación común a todo tipo de subvención:

a) Solicitude (anexo I).

b) Memoria da entidade que se axustará ao modelo do (anexo II), contendo os datos básicos de identificación e unha presentación da entidade que recolla, como mínimo, as epígrafes sinaladas neste anexo.

c) Datos financeiros da entidade solicitante (anexo III), que inclúe a ficha bancaria e a declaración relativa á non percepción doutras axudas.

d) Certificación expedida pola entidade bancaria sobre a titularidade da conta corrente na que se ingresará a subvención.

e) Acreditación da personalidade e representación do solicitante. Para a acreditación da personalidade deberá achegarse fotocopia do documento nacional de identidade ou documento equivalente.

f) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.

g) Ficha de entidades, de centros ou de fundacións e establecementos, segundo corresponda (anexos VIII, IX ou X).

As entidades que solicitasen subvención no exercicio anterior quedarán exentas de presentar a documentación prevista nas epígrafes d), e) e f), sempre que non se producisen modificacións no seu contido, circunstancia que será acreditada mediante certificación simple expedida polo representante da entidade.

B. Documentos específicos para as subvencións de investimento (subvencións do tipo A, D, G e J das relacionadas no artigo 3º desta orde):

Deberase achegar o anexo IV, que se presentará para todo tipo de solicitude de investimento, no que se identifica o centro, o tipo de axuda, a área de atención e o proxecto. No suposto de subvencións que supoñan un custo superior a 3.000 euros, presentaranse certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para os efectos de obtención de axudas e subvencións públicas, así como o certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa comunidade autónoma.

Ademais, segundo os casos, os seguintes documentos:

B.1. Subvencións para adquisición de inmobles:

a) Certificado do Rexistro da Propiedade no que figuren as cargas que puidese ter o inmovible, así como a titularidade deste a favor do vendedor. No suposto de adquisición sobre plano, certificado do Rexistro da Propiedade no que conste a titularidade do soar a favor do vendedor.

b) Documento de opción de compra, no que se indicará a data de caducidade desta, así como o prezo e a forma de pagamento.

c) Informe técnico sobre o estado do inmovible. No caso de adquisición de inmobles destinados a centros de servizos sociais que deban obter autorización administrativa para a súa posta en funcionamento, de conformidade co establecido no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, deberá achegarse informe de viabilidade emitido pola Subdirección Xeral de Proxectos e Obras no que se incluírá o lugar, a superficie, a tipoloxía de centro prevista e as prazas estimadas.

d) Declaración responsable na que se faga constar o compromiso de dedicación do inmovible á finalida-

de que serviu de fundamento á solicitude de subvención durante, polo menos, vinte anos.

B.2. Subvencións para construción, reforma, ampliación ou mellora de inmobles:

a) Certificado do Rexistro da Propiedade que acredite o dominio do inmovible polo solicitante ou, se está en aluguer ou cedido, declaración do propietario na que faga constar as condicións nas que se efectuou e a súa conformidade coas obras que se pretenden realizar.

b) Certificado do concello correspondente no que se faga constar que os plans urbanísticos aprobados e as ordenanzas municipais en vigor permiten a realización da obra que se proxecta e que esta cumpre cos requisitos establecidos na Lei 3/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, ou licenza urbanística.

c) Memoria xustificativa da necesidade do investimento, coa indicación do número e características dos futuros usuarios e ámbito territorial de cobertura.

d) Proxecto arquitectónico das obras que se van realizar, incluíndo o orzamento, o plan das obras e o calendario de execución material, plurianual se é o caso.

e) Plan de financiamento da obra, con distribución plurianual, se é o caso, e fontes de financiamento.

f) Declaración responsable na que se faga constar o compromiso de dedicación do inmovible á finalidade que serviu de fundamento á solicitude de subvención durante, polo menos, vinte anos. Cando a subvención solicitada para obras de construción ou reforma non supere os 60.000 euros, o compromiso de dedicación exixible será dun mínimo de dez anos; e cando non supere os 12.000 euros, será dun mínimo de cinco anos.

g) Cando o importe do gasto polo que se solicita a subvención supere a contía de 30.000 euros, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes posibles contratistas emitidas con carácter previo á contratación, agás cando, polas especiais características do investimento, non existan suficientes empresas capaces da súa execución ou cando o gasto se realice con anterioridade á solicitude de subvención.

B.3. Subvencións para equipamento, moblaxe e melloras de confortabilidade non susceptibles de autorización municipal:

a) Orzamento do importe das adquisicións ou melloras que se pretenden realizar, axustándose a criterios de funcionalidade e economía.

b) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros en cada un dos conceptos (equipamento, moblaxe e melloras de confortabilidade) deste tipo de subvención, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes empresas e/ou provedores emitidas con carácter previo á contratación, agás cando, polas especiais características do equipamento e/ou mellora de confortabilidade, non exista un número suficiente delas, ou cando o

gasto se realice con anterioridade á solicitude de subvención.

c) Declaración responsable da dedicación á finalidade que serviu de fundamento á solicitude de subvención durante un período mínimo de cinco anos.

B.4. Subvencións para equipamento tecnolóxico:

a) Orzamento do importe das adquisicións que se pretenden realizar, que se axustará a criterios de funcionalidade e economía.

b) Cando o importe do gasto polo que se solicita a subvención supere a contía de 12.000 euros, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores emitidas con carácter previo á contratación, agás cando, polas especiais características do equipamento, non existan suficientes empresas subministradoras ou cando o gasto se realice con anterioridade á solicitude de subvención.

c) Declaración responsable de que o equipamento se dedicará á finalidade que serviu de fundamento á solicitude de subvención durante un período mínimo de cinco anos.

B.5. Subvencións para a implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade en servizos de atención aos menores:

a) Orzamento da implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade dos servizos que se pretenden realizar, axustándose a criterios de funcionalidade e economía.

b) Cando o importe do gasto polo que se solicita a subvención supere a contía de 12.000 euros, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes empresas emitidas con carácter previo á contratación, agás cando polas especiais características do proxecto, non exista un número suficiente delas.

c) Memoria detallada do programa, medida innovadora ou proxecto de mellora da calidade dos servizos de protección a menores que se vai desenvolver e obxectivos que se pretende conseguir, especialmente con referencia á calidade dos servizos.

C. Documentos específicos para todas as subvencións de mantemento de centros, equipamentos e servizos: (subvencións dos tipos B, E e H das relacionadas no artigo 3º desta orde).

Unha ficha de identificación do centro (anexo V) para o que se solicita a subvención, que deberá informar dos seguintes extremos:

- Identificación do centro e do seu responsable.
- Capacidade e réxime económico aplicado aos usuarios.
- Cadro de persoal voluntario e profesional.
- Servizos prestados e actividades ofertadas con carácter regular.
- Descrición das características técnicas do centro.
- Relación de usuarios.

-Orzamento de funcionamento do servizo.

-Declaración responsable de non ter asinado convenio ou contrato administrativo para a reserva de prazas con ningunha Administración pública.

No caso das solicitudes de subvención para o mantemento de entidades, só será preciso cubrir no anexo V os recadros relativos a:

- Cadro de persoal voluntario e profesional.
- Descrición dos servizos que presta.
- Descrición das características do local.
- Orzamento de funcionamento da entidade.

-Declaración responsable de non ter asinado convenio ou contrato administrativo para a reserva de prazas con ningunha Administración pública.

Esta información mínima requirida no (anexo V) poderá ser ampliada, a discreción da entidade solicitante, nunha memoria complementaria.

Cando se trate de actividades de carácter puntual e aberto nos que non sexa posible achegar unha relación concreta dos participantes, considerarase suficiente para estes efectos unha certificación do director do centro ou programa, co visto e prace do presidente da institución, na que se indique o número de usuarios ou a frecuencia dos servizos que se prestan, segundo proceda. O anterior será igualmente de aplicación no suposto de programas nos que, pola natureza da atención prestada, sexa conveniente asegurar a confidencialidade e privacidade dos usuarios.

D. Documentos específicos para todas as subvencións de promoción de actividades e programas (subvencións do tipo C, F e I das relacionadas no artigo 3 desta orde).

Unha ficha (anexo VI) por cada programa con custo diferenciado para o que se solicita subvención. Esta ficha, coa información mínima requirida, deberá expresar o seguinte:

- Identificación da entidade.
- Identificación do programa, área de actuación e custo.
- Cooperación con outras entidades, se procede.
- Resume do contido.
- Obxectivos e descrición xeral do programa.
- Actuacións e calendario previstos.
- Metodoloxía.
- Sistemas de avaliación e seguimento.
- Orzamento desagregado por partidas dos gastos previstos para o desenvolvemento do programa, así como dos posibles recursos con que se conte para o seu financiamento.
- Declaración responsable de non ter asinado convenio ou contrato administrativo para a reserva de prazas con ningunha administración pública.

-No caso de que a actividade subvencionada supoña unha prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, cando o importe do gasto polo que se solicita a subvención supere a contía de 12.000 euros, presentaranse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores emitidas con carácter previo á contratación, agás cando non existan suficientes empresas subministradoras ou cando o gasto se realice con anterioridade á solicitude de subvención.

-Compromiso expreso de comunicación á Xunta de Galicia dos resultados obtidos, cando da natureza da actividade subvencionada, como é o caso de congresos, reunións científicas, estudos, publicacións ou outras análogas, se desprenda algún produto final de carácter intelectual.

A información mínima requirida no anexo VI poderá ser ampliada, a discreción da entidade solicitante, nunha memoria complementaria.

Artigo 7º.-Prazo de presentación das solicitudes e documentación.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación desta orde.

Artigo 8º.-Lugar de presentación das solicitudes e documentación.

A solicitude e a documentación requirida, que irá dirixida ao vicepresidente da Igualdade e do Benestar ou aos delegados provinciais da Igualdade e do Benestar, presentaranse no rexistro único nos servizos centrais ou nos servizos periféricos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar segundo o disposto nos artigos seguintes desta orde, sendo de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), e o disposto na orde do 16 de outubro de 2008 pola que entra en funcionamento a oficina de rexistro único e información no complexo administrativo de San Caetano.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e para a publicación da relación de beneficiarios e do importe das axudas concedidas na páxina web oficial da Xunta de Galicia. Así mesmo, a solicitude inclúe a autorización para facer públicos nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

Artigo 9º.-Normas xerais da tramitación dos expedientes.

1. Os expedientes serán tramitados polas correspondentes unidades administrativas dos servizos centrais da Vicepresidencia da Igualdade e do

Benestar ou das súas delegacións provinciais de acordo cos criterios establecidos no artigo 10º.

2. Os servizos da Vicepresidencia encargados da xestión de cada subvención comprobarán que as solicitudes cumpren co establecido nesta orde e, se é o caso, requirirán aos interesados para que, no prazo de dez días, emenden as faltas ou acheguen os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixesen, se lles terá por desistidos da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á Comisión de Valoración correspondente de conformidade co disposto no artigo 11, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das subvencións, seguindo os criterios obxectivos recollidos para cada tipo de subvención. A Comisión de Valoración que corresponda poderá solicitar informe á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros acerca do grao de cumprimento da normativa en materia de inscrición de entidades e autorización dos centros e/ou programas de servizos sociais.

4. Se por calquera causa, no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o presidente da respectiva comisión e, sempre que fose posible, o dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma subdirección ou servizo ao que pertenza o substituído.

Artigo 10º.-Responsables da tramitación para cada tipo de subvención.

Serán responsables da tramitación dos expedientes:

A) Subvencións de investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais de atención primaria (subvencións do tipo A, B e C das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620A):

-Nos servizos centrais: a Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas corporacións locais.

-Nas delegacións provinciais: o Servizo de Prestacións.

B) Subvencións de investimento en centros e servizos sociais especializados na área de atención a persoas con discapacidade (subvencións do tipo D das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620B).

-A Subdirección Xeral de Discapacidade, Servizo de Equipamentos e Promoción da Accesibilidade.

C) Subvencións de mantemento e promoción de actividades de servizos sociais especializados na área de atención a persoas con discapacidade (subvencións do tipo E e F das relacionadas no artigo 3º,

que se corresponden co código de procedemento VP620B):

-Nos servizos centrais: a Subdirección Xeral de Discapacidade.

-Nas delegacións provinciais: o Servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores.

D) Subvencións de investimento en centros e servizos sociais especializados na área de atención a persoas maiores (subvencións do tipo G das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620C):

-A Subdirección Xeral de Maiores.

E) Subvencións de mantemento e promoción de actividades de servizos sociais especializados na área de atención a persoas maiores (subvencións do tipo H e I das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620C):

-Nos servizos centrais: a Subdirección Xeral de Maiores.

-Nas delegacións provinciais: o Servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores.

F) Subvencións de investimento en servizos sociais especializados na área de atención a menores de protección (subvencións do tipo J das relacionadas no artigo 3º, que se corresponden co código de procedemento VP620D):

-A Subdirección Xeral de Menores.

Artigo 11º.-*Comisións de valoración.*

A composición das comisións de valoración será a seguinte:

A. Nos servizos centrais:

A.1. Para a concesión de subvencións de servizos sociais de Atención Primaria:

-Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.

-Vogais: o subdirector xeral de Inclusión Social e Cooperación coas corporacións locais e o xefe de servizo de Prestacións. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social.

A.2. a) Para a concesión de subvencións de investimento en centros e servizos de atención especializada na área de atención a persoas con discapacidade:

-Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.

-Vogais: o subdirector xeral de Discapacidade e o xefe de servizo de Equipamentos e Promoción da Accesibilidade. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social. Poderase convocar, con voz pero sen voto, a un representante da Intervención Delegada.

A.2.b) Para a concesión de subvencións de mantemento e de promoción de actividades de servizos

sociais de atención especializada na área de atención a persoas con discapacidade:

-Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.

-Vogais: o subdirector xeral de Atención a Persoas con Discapacidade e o xefe de servizo de Programas para Persoas con Discapacidade. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social.

A.3. Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas maiores:

-Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.

-Vogais: o subdirector xeral de Maiores e o xefe de servizo de Programas para Maiores. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social.

A.4. Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención especializada na área de atención a menores de protección:

-Presidente: o director xeral de Acción Social ou persoa designada para substituílo.

-Vogais: o subdirector xeral de Menores e o xefe de servizo de Defensa do Menor. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario por proposta do director xeral de Acción Social.

B. Nos servizos periféricos:

B.1. Para a concesión de subvencións de servizos sociais de atención primaria:

-Presidente: o secretario provincial das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou persoa designada para substituílo.

-Vogais: dous funcionarios designados polo delegado provincial entre os que deberá figurar o xefe de servizo de Prestacións. Actuará como secretario un dos vogais. Poderase convocar, con voz pero sen voto, a un representante da Intervención Territorial.

B.2. Para a concesión de subvencións de mantemento e de promoción de actividades de servizos sociais de atención especializada na área de atención a persoas con discapacidade:

-Presidente: o secretario provincial das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou persoa designada para substituílo.

-Vogais: dous funcionarios designados polo delegado provincial entre os que deberá figurar o xefe de servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores. Actuará como secretario un dos vogais. Poderase convocar, con voz pero sen voto, un representante da Intervención Territorial.

B.3. Para a concesión de subvencións de mantemento e de promoción de actividades de servizos

sociais de atención especializada na área de atención a persoas maiores:

-Presidente: o secretario provincial das delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou persoa designada para substituílo.

-Vogais: dous funcionarios designados polo delegado provincial entre os que deberá figurar o xefe de servizo de Persoas Miores, Persoas con Discapacidade e Menores. Actuará como secretario un dos vogais. Poderase convocar, con voz pero sen voto, un representante da Intervención Territorial.

Artigo 12º.-*Criterios de valoración das solicitudes de subvencións.*

1. Subvencións para servizos, centros e programas na área da atención primaria (subvencións do tipo A, B, C das relacionadas no artigo 3º):

As solicitudes serán baremadas ata un máximo de 100 puntos, dos que 40 poderán corresponder á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter xeral e os 60 puntos restantes á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter específico para cada tipo de subvención.

1. A. Criterios xerais: (ata un máximo de 40 puntos).

1.A.1. Dimensión e eficacia social da entidade, que poderá avaliarse, segundo os casos, con consideración a: potencial número de usuarios dos servizos, área xeográfica cuberta, impacto social das actividades desenvolvidas e, se é o caso, número de socios ou afiliados se os tivese, e demais datos relevantes que poidan desprenderse da documentación achegada xunto coa solicitude ou, de ser o caso, da memoria presentada no ano anterior. (Ata un máximo de 15 puntos).

1.A.2. Solvencia técnica (ata un máximo de 8 puntos), que se determinará en función de:

-A experiencia previa acreditada na prestación de servizos sociais e na xestión e xustificación dos programas subvencionados en exercicios anteriores.

-Os medios técnicos dos que dispón a entidade.

-Os seus recursos humanos.

1.A.3. A complementariedade coas actuacións do sistema público de servizos sociais (ata un máximo de 8 puntos).

1.A.4. A diversificación de fontes de financiamento (primarase a obtención de fondos de fontes distintas á subvencións públicas (ata un máximo de 9 puntos).

1.B. Criterios específicos para cada tipo de subvención: (ata un máximo de 60 puntos):

1.B.1. Subvencións de investimento en centros de servizos sociais de atención primaria:

-A insuficiencia de equipamentos e servizos que presten atencións das mesmas características na zona de influencia, en relación coas necesidades sociais detectadas presentes ou futuras (ata un máximo de 20 puntos).

-A calidade do proxecto construtivo ou de dotación presentado e a adecuación e dimensión da solicitude ao servizo para o que está concibido (ata un máximo de 40 puntos).

1.B.2. Subvencións de mantemento de centros e equipamentos de servizos sociais de atención primaria:

-A insuficiencia de servizos que presten atencións das mesmas características na zona de influencia en relación coas necesidades sociais detectadas presentes ou futuras (ata un máximo de 20 puntos).

-A calidade, regularidade, eficacia e eficiencia dos servizos para os que se solicita a subvención (ata un máximo de 30 puntos).

-A integración operativa nos servizos prestados da perspectiva da igualdade de xénero (ata un máximo de 10 puntos).

1.B.3. Subvencións de promoción de actividades e programas básicos, innovadores e complementarios de atención primaria:

-A complementariedade coas accións desenvolvidas polos servizos sociais de atención primaria e os plans de inclusión social das diversas administracións, especialmente por medio do desenvolvemento dos programas descritos nos epígrafes 3 (Programa de inserción social) e 4 (Programa de animación, prevención e cooperación social) do artigo 9 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais neste nivel de atención. (Ata un máximo de 25 puntos).

-O carácter innovador das metodoloxías e estratexias de intervención propostas (ata un máximo de 20 puntos).

-A integración operativa no programa da perspectiva de igualdade de xénero (ata un máximo de 10 puntos).

-O emprego da lingua galega na realización das actividades ou actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 5 puntos).

2. Subvencións para servizos, centros e programas na área de atención a persoas con discapacidade (subvencións do tipo D, E e F das relacionadas no artigo 3º).

As solicitudes serán baremadas ata un máximo de 100 puntos. No caso das subvencións para investimento (subvencións do tipo D das relacionadas no artigo 3º), 30 poderán corresponder á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter xeral e os 70 puntos restantes á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter específico.

No caso das subvencións para mantemento e promoción de actividades (subvencións do tipo E e F das relacionadas no artigo 3º), 40 poderán corresponder á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter xeral e os 60 puntos restantes á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter específico para cada tipo de subvención.

2.A. Criterios xerais: (ata un máximo de 30 puntos no caso das subvencións para investimento, e 40 puntos no caso das subvencións para mantemento e promoción de actividades).

2.A.1. Dimensión e eficacia social da entidade, que poderá avaliarse, segundo os casos, con consideración a: potencial número de usuarios dos servizos, área xeográfica cuberta, impacto social das actividades desenvolvidas e, se é o caso, número de socios ou afiliados (ata un máximo de 10 puntos no caso das subvencións para investimento, e 20 puntos no caso das subvencións para mantemento e promoción de actividades).

2.A.2. A complementariedade da entidade coas actuacións do sistema público de servizos sociais (ata un máximo de 10 puntos).

2.A.3. Solvencia técnica (ata un máximo de 10 puntos), que se determinará en función da experiencia previa acreditada, os medios técnicos e os recursos humanos dos que dispón a entidade.

2.B. Criterios específicos para cada tipo de subvención: (ata un máximo de 70 puntos no caso das subvencións para investimento, e 60 puntos no caso das subvencións para mantemento e promoción de actividades).

2.B.1. Subvencións de investimento en servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade:

-O déficit ou insuficiencia de recursos na zona de influencia ou a necesidade das melloras propostas para a continuidade e autorización de servizos existentes (ata un máximo de 40 puntos).

-A adecuación dos investimentos propostos para a cobertura das necesidades, tendo en consideración as características dos usuarios e as atencións específicas requiridas (ata un máximo de 15 puntos).

-A complementariedade de outras fontes de financiamento para o mesmo proxecto (ata un máximo de 15 puntos).

2.B.2. Subvencións de mantemento en servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade:

-A necesidade de consolidación das accións financiadas en anos anteriores (ata un máximo de 20 puntos).

-A incidencia na calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias (ata un máximo de 20 puntos).

-A calidade, regularidade, eficacia e eficiencia das actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 20 puntos).

2.B.3. Subvencións de promoción de actividades básicas, innovadoras e complementarias en servizos sociais especializados na área de atención as persoas con discapacidade:

-A necesidade de consolidación das accións financiadas en anos anteriores (ata un máximo de 20 puntos).

-A incidencia na calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias (ata un máximo de 20 puntos).

-A complementariedade de outras fontes de financiamento para o mesmo proxecto (primarase a obtención de fondos de fontes distintas ás subvencións públicas) (ata un máximo de 10 puntos).

-A calidade, regularidade, eficacia e eficiencia das actividades para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 5 puntos).

-O emprego da lingua galega na realización das actividades ou actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 5 puntos).

3. Subvencións para servizos, centros e programas na área de atención a persoas maiores (subvencións do tipo G, H e I das relacionadas no artigo 3º):

As solicitudes serán baremadas ata un máximo de 100 puntos, dos que 40 poderán corresponder á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter xeral e os 60 puntos restantes á valoración obtida pola aplicación dos criterios de carácter específico para cada tipo de subvención.

3.A. Criterios xerais: (ata un máximo de 40 puntos).

3.A.1. Natureza, dimensión e eficacia social da entidade, que poderá avaliarse, segundo os casos, con consideración a que na súa composición e órganos de goberno só participen as persoas maiores e/ou xubiladas, ao número de socios ou afiliados, o potencial número de usuarios dos servizos, área xeográfica cuberta e impacto social das actividades desenvolvidas (ata un máximo de 15 puntos).

3.A.2. Solvencia técnica (ata un máximo de 8 puntos), que se determinará en función de:

-A experiencia previa acreditada na prestación de servizos sociais e na xestión e xustificación dos programas subvencionados en exercicios anteriores.

-Os medios técnicos dos que dispón a entidade.

-Os seus recursos humanos.

3.A.3. A complementariedade coas actuacións do sistema público de servizos sociais na promoción do avellentamento activo (ata un máximo de 8 puntos).

3.A.4. A diversificación de fontes de financiamento (primarase a obtención de fondos de fontes distintas ás subvencións públicas) (ata un máximo de 9 puntos).

3.B. Criterios específicos para cada tipo de subvención: (ata un máximo de 60 puntos).

3.B.1. Subvencións de investimento en centros de servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores:

-O déficit ou insuficiencia de equipamentos e servizos que presten atencións das mesmas características na zona de influencia, en relación coas necesidades sociais detectadas presentes ou futuras (ata un máximo de 20 puntos).

-A adecuación dos investimentos propostos para a cobertura das necesidades, tendo en conta as características dos usuarios e as atencións específicas requiridas (ata un máximo de 20 puntos).

-A complementariedade de outras fontes de financiamento para o mesmo proxecto (ata un máximo de 20 puntos).

3.B.2. Subvencións de mantemento en servizos sociais especializados na área de atención ás persoas maiores:

-O volume de gasto xerado no centro en función do número dos seus usuarios, dimensionamento e/ou adecuación, incluíndo os custos derivados do réxime posesorio do local, gastos correntes de mantemento, gastos de persoal e outros gastos de análoga índole (ata un máximo de 25 puntos).

-A calidade, regularidade, eficacia e eficiencia das actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 15 puntos).

-A insuficiencia de servizos que presten atencións das mesmas características na zona de influencia, en relación coas necesidades sociais detectadas presentes ou futuras (ata un máximo de 20 puntos).

3.B.3. De promoción de actividades básicas, innovadoras e complementarias no ámbito dos servizos sociais especializados de atención ás persoas maiores:

-Impacto dos programas e/ou actuacións e actividades baseadas nos principios de avellentamento activo, así como dos programas que fomenten a que se desenvolvan na atención ou prevención da dependencia e apoio ás súas familias (ata un máximo de 20 puntos).

-Impacto dos programas e/ou actuacións e actividades que se desenvolvan na promoción da autonomía persoal, así como dos programas que fomenten a participación social e o voluntariado (ata un máximo de 20 puntos).

-A necesidade de consolidación de accións financiadas en anos anteriores (ata un máximo de 10 puntos).

-O desenvolvemento doutros programas innovadores e de novas tecnoloxías que redunden nunha maior calidade de vida dos maiores (ata un máximo de 5 puntos).

-O emprego da lingua galega na realización das actividades ou actuacións para as que se solicita a subvención (ata un máximo de 5 puntos).

4. Subvencións de investimento en servizos sociais especializados na área de atención a menores de protección:

As solicitudes serán baremadas ata un máximo posible de 100 puntos, dos que 30 puntos corresponderán á valoración dos criterios de carácter xeral e os 70 puntos restantes á valoración obtida da aplicación dos criterios de carácter específico.

4.A. Criterios xerais: (ata un máximo de 30 puntos).

4.A.1. Dimensión e eficacia social da entidade, con consideración a: potencial número anual de usuarios dos servizos, área xeográfica cuberta e impacto social das actividades desenvolvidas (ata un máximo de 10 puntos).

4.A.2. A complementariedade das accións desenvolvidas pola entidade coas actuacións do sistema público da Xunta de Galicia para a atención aos menores (ata un máximo de 10 puntos).

4.A.3. Solvencia técnica, que se determinará en función da experiencia previa acreditada, os medios técnicos e os recursos humanos dos que dispón a entidade (ata un máximo de 10 puntos).

4.B. Criterios específicos: (ata un máximo de 70 puntos).

4.B.1. Para adquisición de locais e inmobles, de acordo co número de prazas que se van crear (ata un máximo de 20 puntos).

4.B.2. Para construción, ampliación e reforma nos centros de menores, segundo a necesidade e mellora na calidade do servizo que implique o proxecto presentado (ata un máximo de 20 puntos).

4.B.3. Para o equipamento, a moblaxe do centro e as melloras de confortabilidade que non precisan autorización municipal, segundo a necesidade e mellora na calidade dos servizos (ata un máximo de 15 puntos).

4.B.4. Para equipamento tecnolóxico (ordenadores, modems, impresoras, etc.) e comunicacións (acceso á rede, software, etc.), segundo a necesidade e mellora na calidade dos servizos (ata un máximo de 5 puntos).

4.B.5. Para os proxectos de carácter innovador, valorando as innovacións propostas e a calidade dos servizos que supón a execución do proxecto (ata un máximo de 25 puntos).

4.B.6. Disponibilidade para atender grupos de irmáns e/ou disponibilidad para atender necesidades de atención urxente que supoñan eventualmente unha sobreocupación do centro. Esta disponibilidad deberá acreditarse mediante declaración responsable (ata un máximo de 5 puntos).

Para estes efectos, especifícase que os puntos 4.B.1 e 4.B.2 son incompatibles entre si e, polo tanto, non son acumulables.

Artigo 13º.-*Resolución.*

1. Serán resoltas pola secretaria xeral do Benestar, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, as seguintes solicitudes de subvención:

-As destinadas a investimento, mantemento e promoción de actividades no nivel de atención primaria, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial.

-As destinadas a mantemento e promoción de actividades no nivel de servizos especializados de atención a persoas con discapacidade, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial.

-As destinadas a mantemento e promoción de actividades no nivel de servizos especializados de atención a persoas maiores, que sexan presentadas por asociacións ou entidades de ámbito supraprovincial, e as presentadas por entidades que contén con máis de mil socios.

-As destinadas a investimento en centros de servizos especializados na área de atención a persoas con discapacidade, maiores e a menores de protección, con independencia do ámbito territorial de actuación da asociación ou entidade solicitante.

2. Nos demais casos non previstos no apartado anterior, delégase a competencia para resolver a concesión das subvencións solicitadas ao abeiro desta orde nos delegados ou delegadas provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo o seu respectivo ámbito territorial, e de acordo coas correspondentes desconcentracións que se fagan dos créditos da orde unha vez fiscalizadas polas intervencións competentes.

3. Tanto a concesión como a determinación do importe das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, atendendo aos criterios de prioridade establecidos nesta orde.

4. Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades que vaia desenvolver o solicitante e o importe da proposta de subvención sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, a Comisión de Valoración correspondente poderá instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención outorgable. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos.

5. As resolucións recaídas serán motivadas e notificaranse aos interesados para a execución da axuda outorgada no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde. Se vencese o prazo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

6. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao amparo desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, se é o caso, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución expresa ou de tres meses a partir do día seguinte do que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directa-

mente recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdiccional competente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE nº 167, do 14 de xullo), no prazo de dous meses contados desde a súa notificación se o acto é expreso ou seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto, e sen prexuízo de que os interesados poidan executar calquera outro que estimen oportuno.

7. En todo caso unha vez recibida a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días a aceptación da subvención. Transcorrido o anterior prazo, sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 12.2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións que conceda a Administración autonómica.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior e con carácter excepcional, se poderán efectuar resolucións complementarias por existir fondos procedentes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas ou cando se produza unha ampliación do financiamento pola achega de novos fondos dispoñibles, tal e como se establece no artigo 5º. Nestes supostos, só poderán atenderse ás solicitudes presentadas dentro do prazo establecido no artigo 7º desta orde.

Artigo 15º.-Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

Artigo 16º.-Obrigas das entidades subvencionadas.

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007), os beneficiarios destas subvencións deberán:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións. En todo caso, as actuacións que se van subvencionar deberán realizarse dentro do exercicio.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ás previstas na lexislación do Consello de Contas. Neste sentido, os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas ou Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

f) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información, a condición de subvencionada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007.

Artigo 17º.-Pagamento e xustificación das subvencións.

1. Unha vez ditada a resolución pola que se concede a subvención procederase ao pagamento e xustificación segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da forma establecida nos apartados seguintes.

2. De conformidade co establecido na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, só estarán obrigadas a acreditar que se atopan ao día das obrigas estatais e autonómicas e da Seguridade Social, e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto coa comunidade autónoma, aquelas entidades que sexan bene-

ficiarias de subvencións para investimento por unha contía superior aos 3.000 euros.

2.1. Subvencións de mantemento e promoción de actividades:

O pagamento destas subvencións poderá facerse segundo se establece a continuación:

2.1.1. Para aquelas subvencións que non superen o importe de 6.010,12 euros, poderá acordarse no momento da concesión, por petición da entidade beneficiaria, un anticipo de pagamento de ata o 60%, e librarase o 40% restante no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e demais condicións para as que foi concedida, mediante un balance de ingresos e gastos asinado polo presidente ou responsable da entidade no que se reflectirá que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da axuda no caso das subvencións de mantemento, ou da totalidade do proxecto no suposto das subvencións de promoción de actividades, xunto cos xustificantes do gasto realizado como consecuencia da actividade obxecto da subvención.

2.1.2. Para aquelas subvencións que superen o importe de 6.010,12 euros o pagamento das subvencións axustarase ao seguinte:

a) Poderá efectuarse, por petición da entidade beneficiaria, un pagamento de ata o 10% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, que poderá acordarse no momento da súa concesión a instancia do interesado.

Para facer efectivo este anticipo deberán presentarse os seguintes medios documentais provisionais de xustificación:

-Para as subvencións de mantemento unha certificación do director ou responsable da entidade dos gastos xa realizados durante o presente exercicio e as cantidades pendentes de pagamento.

-Para as subvencións de promoción de actividades unha certificación do director ou responsable da entidade do inicio das actividades.

b) Ata o 80% do total da subvención concedida poderán acordarse ata tres pagamentos parciais, a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente, mediante certificación do director ou responsable da entidade xunto cos xustificantes do gasto realizado como consecuencia da actividade obxecto da subvención.

c) O 20% restante (ou o 10% no caso de realizarse anticipo) farase efectivo, unha vez xustificada a aplicación da totalidade da subvención para o fin para o que foi concedida, mediante un balance de ingresos e gastos asinado polo presidente ou responsable da entidade no que se reflecta que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da axuda no caso das subvencións de mantemento, ou da totalidade do proxecto no suposto das subvencións de promoción de actividades, xunto cos xustificantes do gasto realizado como consecuencia da actividade obxecto da subvención.

En todo caso, a xustificación final das subvencións de mantemento e promoción de actividades poderán presentarse ata o 10 de decembro, e a entidade deberá achegar, ademais, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte ante a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou delegación provincial respectiva, un balance de ingresos e gastos comprensivo de todo o ano natural conforme o anexo VII de cada modelo, así como unha memoria no caso de promoción de actividades que, como mínimo, deberá incluír todas as actividades realizadas e o gasto desagregado realizado.

2.2. Subvencións de investimento:

No suposto de subvencións para gastos de investimento, o aboamento da subvención efectuarase unha vez presentada ante os servizos centrais ou periféricos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo proceda, a seguinte documentación xustificativa:

a) Subvención para adquisición de inmobles.

-Copia da escritura pública de compravenda, que recollerá unha cláusula na que se faga constar que o inmovible obxecto da subvención deberá manterse, polo menos durante vinte anos, destinado á finalidade que serviu de fundamento á petición.

b) Subvencións para construción, reforma, ampliación ou mellora de inmobles:

-Certificación asinada e selada pola entidade receptora da axuda, na que se faga constar a realización das obras e a conformidade con elas. Xunto coa xustificación de execución da obra, será obrigatoria a presentación da licenza urbanística, no caso de que esta sexa exixible.

-Certificado ou factura orixinal expedida pola empresa ou contratista individual que realizou a obra.

-Nas subvencións para a construción de nova planta, presentárase compromiso asinado polo representante legal da entidade beneficiaria de que o inmovible se destinará, durante vinte anos, á finalidade que serviu de fundamento á petición.

c) Subvención para equipamento, moblaxe e melloras de confortabilidade non susceptibles de autorización municipal:

-Certificado do representante da entidade no que conste a realización da subministración e a súa conformidade con ela.

-Facturas orixinais, debidamente conformadas, de cada unha das casas subministradoras.

d) Subvencións para equipamento tecnolóxico e comunicacións:

-Certificado do representante da entidade no que conste a realización da subministración e a súa conformidade con ela.

-Facturas orixinais, debidamente conformadas, de cada unha das casas subministradoras.

e) Subvencións para implantación de programas e medidas innovadoras, e procedementos de mellora de calidade en servizos de atención aos menores de protección:

-Certificado do representante da entidade no que conste a implantación do programa, medida innovadora ou realización do proxecto de mellora na calidade dos servizos e a súa conformidade con ela.

-Facturas orixinais, debidamente conformadas, que acrediten o exposto no parágrafo anterior.

-Memoria de realización das actividades previstas que deberá conter como mínimo a descrición do proxecto desenvolvido contendo as accións executadas, o número de beneficiarios, e os obxectivos acadados.

A documentación xustificativa dos gastos realizados, no caso das subvencións de investimento, poderán presentarse ata o 24 de novembro do ano 2009. Igualmente, os beneficiarios das subvencións de carácter plurianual, para adquisición, construción, reforma, rehabilitación e equipamento de centros de atención a persoas con discapacidade, concedidas ao abeiro das ordes do 19 de febreiro de 2007 e do 8 de febreiro de 2008, e das ordes que as modifican, poderán presentar a documentación xustificativa dos gastos realizados, correspondente á anualidade 2009, ata o día 24 de novembro deste mesmo ano.

3. Nos puntos anteriores, as facturas cumprirán o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

4. Para os efectos do previsto neste artigo, ten a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Non obstante, os gastos de persoal e outros aos que se lle practique retención en concepto de imposto sobre a renda das persoas físicas entenderanse efectivamente pagados coa satisfacción dos haberes líquidos e xustificadas co ingreso nos organismos acreedores da Seguridade Social e da Facenda Pública.

5. Considéranse dentro dos gastos subvencionables os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrados e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, así como os de Administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

6. De acordo co previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario poderá contratar parcialmente a actividade que constituía o obxecto da subvención, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada. En ningún

caso, poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non achen valor engadido ao seu contido.

7. No momento da xustificación final do gasto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como doutros entes públicos ou privados, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo obxecto que corresponde ás subvencións desta orde.

Artigo 18º.-*Reintegro das subvencións concedidas.*

1. De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro total ou parcial da contía da subvención percibida xunto cos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención mediante o falseamento das condicións requiridas para iso ou o ocultamento das que impedisen obtela.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3º do artigo 15 da Lei 9/2007.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 Lei 9/2007, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ou cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais da Unión europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

